

No presente curso 2003/2004 implántase o primeiro ciclo do plano de Enxeñería Química para adaptalo á normativa vixente. Como consecuencia desta implantación queda sen docencia e en proceso de extinción o primeiro ciclo do plano de estudos de 1994 manténdose a docencia no segundo ciclo deste plano de estudos.

A Orde do 10 de decembro de 1993 establece os complementos de formación que deben realizar os estudantes que accedan a esta titulación dende o primeiro ciclo da licenciatura en Químicas. Na **alineas segunda desta orde** indícase que os estudantes **deberán cursar entre 29 e 37 créditos** distribuídos entre as seguintes materias: *Experimentación en Enxeñería Química; Expresión Gráfica ; Mecánica de Fluídos e Transmisión de Calor e Operacións Básicas da Enxeñería Química* correspondéndolle á Universidade a determinación do número de créditos que deberán facer en cada unha das materias.

Tendo en conta que os Complementos de Formación correspóndense coas materias troncais do primeiro ciclo antes citadas co obxecto de adecualas súa denominación ás disciplinas do plano de Estudos de Enxeñería Química do 2003 na que se organizan estas materias troncais

RESOLVO

Primeiro.- Modificar a denominación dos complementos de formación adecuando a súa denominación ás disciplinas do plano de estudos do 2003. A equivalencia e denominación destes complementos será a que figura na seguinte táboa:

Complementos F. Plano 1994	Cred.	Complementos F. Plano 2003	Cred.
801 Debuxo Técnico	6	Expresión Gráfica	6
802 Fenómenos de Transporte	6	Operacións Básicas da Enxeñería Química	6
803 Laboratorio de fluidos e calor	6	Laboratorio de transporte de fluídos e transmisión de Calor	6
804 Laboratorio de Fenómenos de Transporte	6	Laboratorio de Fenómenos de Transporte	6
805 Transmisión de Calor	6	Transmisión de calor	6
806 Transporte de Fluídos	6	Transporte de Fluídos	6

Segundo.- Tódolos Complementos de formación incluíranse, a efectos de docencia, nas materias troncais que os sustentan e polo tanto terán dereito a docencia, tanto os do plano de 1994 como os do 2003..

Terceiro.- Mantense a denominación dos Complementos de Formación para os alumnos que cursen o plano de Estudos de Enxeñería Química de 1994 . Os alumnos que se matriculen do plano de Enxeñería Química do 2003 ou se adapten a este plano de




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

estudios deberán matricular os complementos de formación coa denominación que lles corresponde para o plano de estudos do 2003.

Disposición adicional primeira.- As Unidades de Xestión Académica, deberán a requeri-lo alumnado o importe, que de se-lo caso, deba liquidar polos prezos da matrícula dos complementos de formación, no caso de que a mesma se fixese sen dereito a docencia.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2003

O RECTOR



Benén Barro Ameneiro

Sr. Vicerrector de Organización Académica e Profesorado, Sr. Secretario Xeral, Sr. Director de Enxeñería Química, Sr. Xefe do Servicio de Asesoría Xurídica, Sra. Xefe do Servicio de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servicio de Xestión Académica, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, Sr. Director do SEIN, Sr. Director do COIE.